



MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN REITORAL DE 27 DE XULLO DE 2009, SOBRE CONVOCATORIA DE MATRÍCULA NAS FACULTADES, ESCOLAS TÉCNICAS SUPERIORES E ESCOLAS UNIVERSITARIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO, PARA O CURSO ACADÉMICO 2009-2010

NORMAS DE CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIAS

PRIMEIRA.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

As convocatorias extraordinarias comprenden a todo o alumnado que desexa acollerse ás mesmas e cumpran os requisitos que en cada unha delas se esixan.

As normas contidas na presente sección son de aplicación aos estudantes que dexesen realizar a convocatoria extraordinaria de Fin de Carreira ou inscribirse na convocatoria extraordinaria de decembro, e cumpran os requisitos que en cada unha se esixan.

SEGUNDA.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA “FIN DE CARREIRA”
(Calendario escolar de titulacións a extinguir)

2.1.- Prazo de matrícula

O prazo de matrícula para a convocatoria extraordinaria de “Fin de Carreira” abranguerá do **21 de setembro ao 30 de outubro**, coincidente co prazo xeral de matrícula ordinaria.

2.2.- Condicións da matrícula

A matrícula realizada consonte a esta convocatoria dá dereito a participar en **dúas convocatorias** de examen: fin de carreira, 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre ou setembro, e obriga a aboar os prezos públicos establecidos polo Decreto 358/2009, do 9 de xullo. O alumnado que faga uso desta convocatoria non se poderá inscribir na convocatoria extraordinaria de decembro.

As persoas interesadas nesta convocatoria deberán matricularse en todas as materias pendentes de superar para a finalización dos seus estudos, e ata un máximo de corenta créditos. No momento de formalizar a matrícula declararán a súa condición de solicitantes de matrícula Fin de Carreira, a fin de que se tramite adecuadamente a súa solicitude (impreso A-13).

Os exames terán lugar do 14 ao 19 de decembro segundo o Acordo do Consello de Goberno da Universidade de 20 de abril de 2009, nas horas que oportunamente determinen os Decanatos e Direccións das Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Escolas Universitarias.

De non superar algunha disciplina na convocatoria de fin de carreira poderá presentarse nas convocatorias de 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre ou setembro 2010. Se se presentara na convocatoria de fin de carreira e 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre e non superara algunha materia, de desexar presentarse na convocatoria de setembro, deberá formalizar matrícula extraordinaria entre o día **1 e 9 de xullo de 2010**.



TERCEIRA.- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA “FIN DE CARREIRA”

(Para titulaci3ns que se acollan ao calendario escolar para estudos oficiais de Grao e Posgra)

3.1.- Prazo de matr3cula

O prazo de matr3cula para a convocatoria extraordinaria de “Fin de Carreira” abranguer3 do **21 de setembro ao 30 de outubro**, coincidente co prazo xeral de matr3cula ordinaria.

3.2.- Condici3ns da matr3cula

A matr3cula realizada consonte a esta convocatoria da dereito a participar en **d3as convocatorias** de examen: fin de carreira, 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre e xullo, e obriga a aboar os prezos p3blicos establecidos polo Decreto 358/2009, do 9 de xullo. O alumnado que faga uso desta convocatoria non se poder3 inscribir na convocatoria extraordinaria de decembro.

As persoas interesadas nesta convocatoria deber3n matricularse en todas as materias pendentes de superar para a finalizaci3n dos seus estudos, e ata un m3ximo de corenta cr3ditos. No momento de formalizar a matr3cula declarar3n a s3a condici3n de solicitantes de matr3cula Fin de Carreira, a fin de que se tramite adecuadamente a s3a solicitude (impreso A-13).

Os exames ter3n lugar do 14 ao 19 de decembro segundo o Acordo do Consello de Goberno da Universidade de 20 de abril de 2009, nas horas que oportunamente determinen os Decanatos e Direcci3ns das Facultades, Escolas T3cnicas Superiores e Escolas Universitarias.

De non superar algunha disciplina na convocatoria de fin de carreira poder3 presentarse nas convocatorias de 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre ou setembro 2010. Se se presentara nas convocatorias de fin de carreira e 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre e non superara algunha materia, de desexar presentarse na convocatoria de xullo, deber3 formalizar matr3cula extraordinaria entre o d3a **28 e o 30 de xu3no de 2010**.

CUARTA.- CONVOCATORIA DE EXAMES EXTRAORDINARIOS DE DECEMBRO
(Calendario escolar de titulaci3ns a extinguir)

4.1.- Prazo de inscrici3n

O prazo de inscrici3n nos exames extraordinarios de Decembro abranguer3 desde o d3a **21 de setembro ao 30 de outubro**, coincidente co prazo xeral de matr3cula ordinaria.

4.2.- Condici3ns da inscrici3n

Poderanse inscribir aquelas persoas matriculadas nas diferentes Facultades, Escolas T3cnicas Superiores e Escolas Universitarias desta Universidade, en materias das que sexan repetidoras por estaren inscritas nelas no curso acad3mico 2008/2009 ou anteriores. En ning3n caso o seu n3mero de materias inscritas ser3 superior a corenta cr3ditos.

A matr3cula realizada polo alumnado para o presente curso acad3mico 2009/2010 d3a dereito a d3as convocatorias de exame; os estudantes que se presenten a exame nesta convocatoria extraordinaria de decembro, s3 poder3n



utilizar dentro do actual ano académico outra convocatoria á súa elección, ben en 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre ou ben en setembro de 2010. O alumnado inscrito para esta convocatoria que non se presente a exame, poderá utilizar as dúas convocatorias de 1º cuadrimestre/2º cuadrimestre e setembro.

Os exames terán lugar do **14 ao 19 de decembro** segundo o Acordo do Consello de Goberno da Universidade de 20 de abril de 2009, nas horas que oportunamente determinen os Decanatos e Direccións das Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Escolas Universitarias; salvo para o alumnado dos Centros que se acolleron ao calendario escolar para estudos oficiais de grao e posgrao, aprobado polo Consello de Goberno con data 20 de abril de 2009.

Os alumnos/as que realicen cambio de plan de estudos por encontrarse en extinción, terán dereito a inscribirse na convocatoria extraordinaria de decembro daquelas materias do plan novo en cuxa disciplina equivalente do plan antigo, segundo o cadro de adaptacións da titulación, estiveran xa matriculados/as e non superaran con anterioridade, sempre e cando cumpran as normas e requisitos expresados na presente sección desta convocatoria de matrícula.

Aqueles estudantes que superen materias nesta convocatoria extraordinaria de decembro, poderán solicitar a ampliación da súa matrícula ordinaria en tantas materias ou créditos como aproben nela e dentro do prazo que finaliza o día 29 de xaneiro de 2010.

O alumnado que nesta convocatoria supere a última materia dalgún ciclo, curso de adaptación ou equivalente, poderase matricular da fase ou curso seguinte á que habilite o referido curso, sempre e cando non exista acceso condicionado a outros requisitos legais.

QUINTA.- CONVOCATORIA ANTICIPADA DE EXAMES EXTRAORDINARIOS (Para titulacións de Grao e resto de titulacións que se acollan ao calendario escolar para estudos oficiais de Grao e Posgrao)

5.1.- Prazo de inscrición

O prazo de inscrición nos exames extraordinarios da convocatoria anticipada do calendario escolar curso 2009-2010 para estudos oficiais de grao e posgrao, abranguerá dende o día **21 de setembro ata o 30 de outubro**, coincidente co prazo xeral de matrícula ordinaria.

5.2.- Condicións da inscrición

Poderanse inscribir aquelas persoas matriculadas nas diferentes Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Escolas Universitarias en titulacións de grao e demais titulacións que se acollan ao calendario escolar para estudos oficiais de grao e posgrao, aprobado en Consello de Goberno do día 20 de abril de 2009, en materias das que sexan repetidoras por estaren inscritas nelas no curso académico 2008/2009 ou anteriores. En ningún caso o seu número de materias inscritas será superior a corenta créditos.

A matrícula realizada polo alumnado para o presente curso académico 2009/2010 dá dereito a dúas convocatorias de exame; os estudantes que se presenten a exame nesta convocatoria extraordinaria anticipada, só poderán utilizar dentro do actual ano académico outra convocatoria á súa elección, ben en xuño ou ben en xullo de 2010. O alumnado inscrito para esta convocatoria que non se presente a exame, poderá utilizar as dúas convocatorias de xuño e xullo.

Os exames da convocatoria extraordinaria anticipada terán lugar do 21 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2010 para as materias do 2º cuadrimestre segundo o



UNIVERSIDADE DE VIGO

Acordo do Consello de Goberno da Universidade de 20 de abril de 2009, nas horas que oportunamente determinen os Decanatos e Direccións das Facultades, Escolas Técnicas Superiores e Escolas Universitarias para o alumnado dos Centros que se acolleron ao calendario escolar para estudos de grao e posgrao.

Asimismo, para as materias do 1º cuadrimestre pendentes dos anos anteriores, poderanse examinar do 25 de maio ao 7 de xuño de 2010. Neste caso, se se houberan presentado na convocatoria do 1º cuadrimestre, non poderán examinarse na convocatoria de xullo, por ter consumidas as dúas convocatorias que se permiten en cada curso académico.

Vigo, 22 de setembro de 2009

O REITOR

Alberto Gago Rodríguez

SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO
SRA. VICERREITORA DE TITULACIÓNS E CONVERXENCIA EUROPEA
SRA. VICERREITORA DE EXTENSIÓN CULTURAL E ESTUDANTES
SRA. VICEXERENTE DO CAMPUS DE PONTEVEDRA E DE XESTIÓN ACADÉMICA
SRA. SECRETARIA XERAL
SRES/AS. DECANOS/DIRECTORES/AS DE TODOS OS CENTROS DE UVI
SRA. XEFA DO SERVIZO DE ALUMNADO
SR. XEFE DO SERVIZO DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA
SR. XEFE DO SERVIZO DE CONTROL INTERNO
SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS DE XESTIÓN
SRES/AS. ADMINISTRADORES/AS DE CENTROS
SRA. XEFA DA SECCIÓN DE ADMISIÓN E XESTIÓN DE ALUMNOS
SRA. XEFA DA SECCIÓN DE TÍTULOS E PLANS DE ESTUDO
SRA. XEFA DA SECCIÓN DE BOLSAS
SRES/AS. XEFES/AS DE ADMINISTRACIÓN/ ÁREA ACADÉMICA DE TODOS OS CENTROS DA UVI
SRES/AS. RESPONSABLES DOS REXISTROS DOS CAMPUS DA UVI
SRES/AS. XEFES/AS DAS ÁREAS DE SERVIZOS Á COMUNIDADE
SRA. XEFA DO NEGOCIADO DE INFORMACIÓN XERAL